

No Expediente **S 18/2020 CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS DE VETERINARIOS**, tramitado na Comisión Galega da Competencia, o seu Pleno adoptou con data 20 de decembro do 2021, a Resolución **R 4/2021 CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS**, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN 4/2021 - CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS.

En Pleno:

D. Ignacio López-Chaves e Castro, Presidente.

D. Daniel Neira Barral, Secretario / Vogal.

Dona. M^a Teresa Cancelo Márquez, Vogal.

En Santiago de Compostela, a 20 de decembro de 2021

O Pleno da Comisión Galega da Competencia (CGC) coa composición arriba indicada e sendo relatora Dna. M^a Teresa Cancelo Márquez, Vogal, **dita a presente Resolución** en relación co **Expediente S 18/2020. Consello Galego de Colexios de Veterinarios**, ante a comunicación recibida na Subdirección de Investigación (SUBDIR), da Comisión Galega da Competencia, procedente da Dirección de Competencia (DC), da Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia (CNMC); consistente no escrito que lles era remitido en nome e representación do Colexio de Veterinarios da Coruña, no que se denuncia ao CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS (CGCV) por unha posible infracción por parte do mesmo da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC).

En síntese, o expediente sancionador S 18/2020. Consello Galego de Colexios de Veterinarios foi incoado pola fixación dos honorarios aos veterinarios pola colocación dun microchip en animais de compañía de 12 euros, emitindo a continuación unha factura ao Consello Galego de Colexios de Veterinarios por un importe de 26 euros por cada animal identificado, no marco da aplicación do



convenio de colaboración entre a Consellería de medio ambiente, territorio e vivenda e o Consello Galego de Colexios Veterinarios para o desenvolvemento de accións conxuntas para a reactivación dos procesos de adopción e identificación de animais domésticos como consecuencia da crise sanitaria do COVID-19, asinado o 25 agosto de 2020.

De conformidade co artigo 36.2, letra a) dos Estatutos do Instituto Galego de Consumo e da Competencia, aprobados por Decreto 118/2016, do 4 de agosto, a Lei 15/2007, do 3 de xullo de Defensa da Competencia (LDC) e o seu Regulamento de Desenvolvemento, aprobado polo Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro (RDC) e á vista das actuacións realizadas, procede formular o seguinte.

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Con data 28 de outubro de 2020 recibíuse na Subdirección de Investigación (SUBDIC), da Comisión Galega da Competencia, unha comunicación procedente da Dirección de Competencia (DC), da Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia (CNMC); contendo o escrito de denuncia que lles era remitido en nome e representación do Colexio de Veterinarios da Coruña, no que se denuncia ao CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS (CGCV) por unha posible infracción por parte do mesmo da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC). En concreto, denúnciase a fixación dos honorarios aos veterinarios pola colocación dun microchip en animais de compañía de 12 euros, emitindo a continuación unha factura ao Consello Galego de Colexios de Veterinarios por un importe de 26 euros por cada animal identificado. Todo iso, ao amparo do Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Consello Galego de Colexios Veterinarios para o desenvolvemento de accións conxuntas para a reactivación dos procesos de adopción e de identificación de animais domésticos como consecuencia da crise sanitaria do COVID-19, asinado o 25 agosto de 2020.

Segundo. - Co obxecto de coñecer a veracidade dos feitos denunciados e a súa valoración xurídica, a Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia iniciou, ao abeiro do artigo 49.2 LDC, unha información reservada (IR) con data 30 de outubro de 2020, requiríndose á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, da Xunta de Galicia, para que achegase a seguinte información e documentación:



- Explicación de condicións e requisitos para a execución do referido convenio de colaboración por parte do Consello Galego de Veterinarios e os colexios provinciais de veterinarios de Galicia.
- Confirmación da existencia ou non doutra base xurídica que, ademais do convenio, puidera amparar a fixación de prezos co obxecto de facilitar a identificación de animais de compañía daquelas persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade económica (desemprego, afectado por ERTE ou afectado por unha redución de xornada laboral, por motivo de coidados de menores e de maiores dependentes).

Terceiro. - Con data 12 de novembro de 2020, a Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda deu resposta ao requirimento que se lle efectuou, achegando entre outra documentación, copia do referido Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Consello Galego de Colexios Veterinarios para o desenvolvemento de accións conxuntas para a reactivación dos procesos de adopción e de identificación de animais domésticos como consecuencia da crise sanitaria do COVID-19.

Cuarto. - Con data 13 de novembro de 2020 a Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia requiriu ao propio Consello Galego de Colexios de Veterinarios para que achegase a seguinte información e documentación:

- Base legal e copia do acordo adoptado polo órgano correspondente para a firma do convenio de referencia. No caso de adoptarse algún acordo por un órgano individual ou colexiado, copia do mesmo, e no seu caso, da correspondente convocatoria e da acta con indicación precisa e expresa dos asistentes e do sentido do seu voto.
- Base legal e copia do acordo adoptado polo órgano correspondente para a determinación do prezo fixado tanto a cobrar aos clientes para a colocación do dispositivo sinalado no convenio de referencia e que se acollan ao mesmo, da factura ou facturas a emitir, no seu caso, polos veterinarios acollidos ao convenio que presten o servizo, así como a cantidade que, tamén no seu caso, abonaríaselles aos devanditos veterinarios con cargo ás cantidades recollidas no convenio. No caso de adoptarse algún acordo por un órgano individual ou colexiado, copia de este e, no seu caso, da correspondente convocatoria e da acta con indicación precisa e expresa dos asistentes e do sentido do seu voto.
- Documentación previa na que se apoiou a fixación dos devanditos prezos fixos por parte do Consello Galego de Veterinarios (prezo a pagar polo cliente acollido ao convenio, como a



pagar, no seu caso, ao profesional veterinario que preste o servizo amparado no mesmo convenio).

Quinto. - Así mesmo, con data 13 de novembro de 2020 a Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia requiriu igualmente aos colexios oficiais de veterinarios de Lugo, Ourense e Pontevedra para que achegasen a seguinte información e documentación:

- Se ese colexio tivo coñecemento previo e, no seu caso, participación (aclárense ambos os extremos especificando datas, medio e acordo correspondente), na celebración do referido convenio, do seu contido, así como da fixación de prezos fixos por parte do Consello Galego de Colexios de Veterinarios para o seu desenvolvemento, tanto para os beneficiarios do convenio (prezo final ao cliente), como a pagar ao profesional acollido ao convenio. No caso de adoptarse algún acordo por un órgano individual ou colexiado, copia do mesmo, e no seu caso, da correspondente convocatoria e da acta con indicación precisa e expresa dos asistentes e do sentido do seu voto.
- Copia da documentación e instrucións recibidas por ese colexio, no seu caso, respecto do referido convenio e as condicións do seu cumprimento, que lle foron enviadas desde o Consello Galego de Veterinarios.
- Explicación da participación do colexio no procedemento de deseño e condicións de execución do convenio e a participación efectiva no seu cumprimento. No caso de adoptarse algún acordo por un órgano individual ou colexiado, copia do mesmo, e no seu caso, da correspondente convocatoria e da acta con indicación precisa e expresa dos asistentes e do sentido do seu voto.

Sexto. - Con data 6 de novembro de 2020, o CGCV contestou ao citado requirimento, manifestando, entre outros extremos o seguinte:

“Con data 13 de novembro de 2020 foi comunicada a este Consello que se está tramitando na Comisión Galega da Competencia o Expediente IR 18/2020- CONSELLO GALEGO DE VETERINARIOS tras recibir un escrito presentado por Dna. Isabel Santana Meijide, en representación do COLEXIO DE VETERINARIOS da Coruña no que se denuncia ante a Dirección de Competencia de la Comisión Nacional de los Mercados y de la Competencia (CNMC) ao CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS por condutas que poderían constituír unha infracción da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de Defensa da Competencia (LDC).”



Revisada a documentación remitida unicamente figura o requirimento, pero non se inclúe copia do escrito presentado pola parte denunciante”

Sétimo. - . Con data 20 de novembro de 2020 desde a Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia respóndese ao CGCV manifestándolle o seguinte:

1º.- O expediente atópase en fase de información reservada o que implica, pola súa propia natureza, que non é accesible nin para o denunciante nin para o denunciado. O noso deber, tal e como fixemos é trasladarlle os feitos denunciados ao obxecto de que responda o requirimento no prazo concedido para o efecto. Non se lle pode remitir, en consecuencia, como pretende, nin a denuncia nin a documentación que no seu caso a acompañaba.

2º.- No caso de que este órgano incoe un expediente sancionador, si tería acceso, na condición de denunciado, ao expediente xunto cos demais aos que se lles recoñeza a condición de interesado.

3º.- Lémbrolle o deber de responder en prazo ao requirido coa advertencia indicada no citado requirimento, sen prexuízo de que se poida iniciar outro expediente de carácter sancionador se se aprecia obstrución ao labor desta inspección.

Oitavo. - Con datas 26 e 27 de novembro de 2020, respectivamente, contestaron os colexios oficiais de Veterinarios de Pontevedra e Lugo, achegando copia das comunicacións e documentación que recibiran do CGCV. Considerando que a información dispoñible era suficiente, non se requiriu novamente ao Colexio de Ourense que manifestou telefonicamente ter problemas coa sinatura electrónica.

Noveno. - Con data 30 de novembro de 2020 recibíuse a resposta ao requirimento efectuado polo CGCV, expoñendo as actuacións do mesmo durante a pandemia, así como a proposta que se lles remitiu para asinar o convenio de referencia, achegando diversa documentación, que foi incorporada á información reservada que se estaba tramitando.

Décimo. - Con data 2 de decembro de 2020 efectuouse un novo requirimento ao Colexio de Veterinarios de Pontevedra, á vista do respondido o requirimento anterior, para que achegasen a seguinte información e documentación:

- Identifique a persoa e cargo que no nome do Colexio Oficial de veterinarios de Pontevedra forma parte do Comité Executivo do Consello Galego de Colexios Veterinarios no momento



da firma do referido convenio e da adopción polo citado Consello dos acordos que se recollen nos correos electrónicos remitidos aos catro colexios.

- Copia das convocatorias para formar parte do citado Comité Executivo do Consello Galego de Colexios Veterinarios que lle foron remitidas en 2020, da regulación do funcionamento do mesmo, así como das actas ou borradores das mesmas correspondentes ao 2020.
- Se a cuestión obxecto do presente expediente foi tratada nalgún órgano do colexio provincial á marxe da orde do día da correspondente convocatoria, caso de ser precisa a mesma pola natureza do órgano.

Undécimo. - Con data 13 de decembro de 2020 o Colexio de Veterinarios de Pontevedra, respondeu o requirimento anterior.

Duodécimo.- Á vista da información reservada desenvolta, a Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia acordou, en data 22 de xaneiro de 2021, incoar un expediente sancionador (S 18/2020- CONSELLO GALEGO DE VETERINARIOS), contra o CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS VETERINARIOS pola presunta realización dunha práctica restritiva da competencia prohibida polo artigo 1 LDC, consistente na fixación, de forma directa ou indirecta, de prezos ou doutras condicións comerciais ou de servizo, como consecuencia das decisións e actos adoptados polo devandito Consello Galego de Veterinarios para desenvolver o Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Consello Galego de Colexios Veterinarios para o desenvolvemento de accións conxuntas para a reactivación dos procesos de adopción e de identificación de animais domésticos, como consecuencia da crise sanitaria do COVID-19, asinado o pasado 25 agosto de 2020.

Décimo terceiro. - Con data 13 de marzo de 2021, a Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia elaborou o correspondente Prego de Concreción de Feitos (PCH), que foi oportunamente notificado aos interesados.

Décimo cuarto. - Con data 30 de marzo de 2021, desde a Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia requiriuse ao CGCV que remitise o volume de negocio correspondente ao exercicio 2020.

Décimo quinto. - Con data 19 de abril de 2021 o CGCV remitiu resposta indicando, entre outros extremos, que non dispoñía do dato solicitado.



Décimo sexto. - Con data 22 de abril de 2021 foi enviado un novo requirimento ao CGCV solicitándolle que achegase a cifra de negocio correspondente ao exercicio 2020.

Décimo sétimo. - Con data 22 de abril de 2021, o CGCV remite a información solicitada a esta SUBDIC, que é reiterada o 4 de maio de 2021 ao cruzarse o segundo requirimento e a resposta enviada polo CGCV.

Décimo oitavo. - Con data 25 de xuño de 2021, comunícase desde o CGCV a vontade de implantar un Programa de cumprimento normativo.

Décimo noveno. - Con data 22 de xullo de 2021 solicítase por parte do CGCV a terminación convencional do procedemento sancionador en curso e fórmulanse os seguintes compromisos:

1º.- Implantación dun *Compliance* Penal e da Competencia no CGCV que vinculará tanto aos membros dos órganos de goberno (Comisión Executiva, membros da Asemblea, etc.) como aos seus empregados.

2º.- Dotar ao sistema *de xestión de Compliance* cos recursos económicos, materiais e humanos adecuados e suficientes para o seu eficaz funcionamento, sendo esta a labor da empresa de asesoramento legal “ALAWSTREAMING, SA”

3º.- Favorecer a implantación de Compliances a nivel dos colexios provinciais.

4º.- Que todas as actividades comerciais, sobre as que poidan xurdir dúbidas sobre a súa aplicabilidade, serán previamente sometidas a un estudo por parte dos servizos xurídicos e eventualmente poderán ser consultadas ante os Órganos de Defensa da Competencia sobre se cumpren coa legalidade.

5º.- Colaborar coa Comisión Nacional de los Mercados de la Competencia e/ou o Comisión Galega da Competencia en calquera actividade e/ou difusión para un mellor coñecemento dos veterinarios galegos titulados das súas obrigacións respecto diso.

6º.- Permitir a vixilancia, seguimento e publicidade da Resolución de terminación convencional e, por tanto, dos compromisos alcanzados e das obrigacións contraídas ante esta Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia para garantir o interese público.



7º.- Calquera outro compromiso que, a proposta da Comisión Galega da Competencia, e previa deliberación do Pleno, sexa aprobado e asumido por esta Comisión.

Vixésimo. - Con data 13 de setembro de 2021, a Subdirección de Investigación adoptou os seguintes acordos:

1. O inicio das actuacións tendentes á extinción convencional no procedemento sancionador que se está tramitando coa identificación do expediente co número e referencia S 18/2020, «Consello de Veterinarios de Galicia».
2. Traslado ao Pleno da Comisión de Competencia de Galicia da solicitude realizada e propostas iniciais presentadas [Artigo 39.2 RLDC¹].
3. A suspensión do procedemento sancionador en curso, desde a data deste acordo ata a conclusión das negociacións [Artigo 37.1.g) LDC e 12.1.c) RLDC].
4. Formular e remitir (non como erroneamente recóllese “referirse”) ás partes interesadas e ao Pleno **una contra proposta de compromisos**, sempre que se presente unha proposta coa solicitude de TC inicial de compromisos, considerando que o referido desde a Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia recolle de forma máis adecuada o establecido polo artigo 52 da LDC, e que se recollen como anexo xunto cos xa formulados polo solicitante para valoración.

Vixésimo primeiro. - A contra proposta remitida pola Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia ao CGCV recolle os seguintes compromisos que se establecen no **Anexo** e que son asumidos polo **CGCV** con data 6 de outubro de 2021, sen que por parte da Dirección de Competencia da CNMC formulouse observación algunha.

Vixésimo segundo. - Con data 20 de outubro, a Subdirección de Investigación da Comisión Galega da Competencia elevou a súa proposta de terminación convencional ao Pleno da Comisión Galega da Competencia, manifestando que, ao seu xuízo, os compromisos ofrecidos polo Consello Galego de Colexios de Veterinarios eran suficientes para resolver os efectos sobre a competencia derivados da conduta obxecto do expediente sancionador e para que quede garantido o interese público.

Vixésimo terceiro. - Para a súa efectividade, os compromisos deberán ser aprobados pola Comisión Galega da Competencia e incorporados á Resolución que poña fin ao procedemento,

¹ Real Decreto 261/2008, do 22 de febreiro, polo que se aproba o Regulamento de Defensa da Competencia.



momento tras o cal serán vinculantes (art. 52 LDC). Para garantir o cumprimento dos compromisos, a Subdirección de Investigación exercerá as funcións de vixilancia, ao amparo do disposto no artigo 41 LDC.

Vixésimo cuarto. – Con data 20 de decembro de 2021 o Pleno da Comisión Galega da Competencia pronunciouse sobre o presente asunto.

II.- AS PARTES

Primeiro. - Son interesados neste expediente:

1.- Entidades denunciante: Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña.

A denuncia procede do Colexio Oficial de Veterinarios da Coruña que é unha Corporación de Dereito Público, constituída segundo a Lei.

2. Entidades denunciadas: Consello Galego de Colexios de Veterinarios.

A entidade denunciada é o Consello Galego de Colexios Veterinarios (CGCV) que é unha Corporación de Dereito Público, constituída segundo a Lei e integrada polos colexios oficiais de veterinarios de Lugo, Ourense e Pontevedra, e os órganos de goberno do devandito Consello, tal e como se establece nos seus Estatutos². O CGCV ten personalidade xurídica propia, a súa capacidade de obrar é plena para o cumprimento dos seus fins e goza de plena autonomía no marco da normativa que lle é de aplicación e baixo a garantía xurisdicional dos Tribunais de Xustiza. O ámbito territorial do CGCV é o da Comunidade Autónoma de Galicia e asume para a profesión as funcións atribuídas aos Consellos Galegos de Colexios, segundo a normativa vixente. O CGCV ten a súa sede no Colexio Oficial de Veterinarios ao que corresponda a Presidencia do mesmo, na actualidade, o do Colexio Oficial de Veterinarios de Pontevedra, con domicilio na C/ Echegaray, 10-2º izda, 36002 Pontevedra.

Segundo o artigo 6 dos seus Estatutos, son fins e funcións do CGCV:

² Decreto 172/2000, do 22 de xuño, polo que se aproba a creación do Consello Galego de Colexios Veterinarios.



- a) A representación, defensa e promoción dos intereses da profesión veterinaria de carácter xeral que sexan comúns a todos os colexios oficiais de veterinarios de Galicia.
- b) A xestión dos problemas específicos de cada un dos colexios, por subrogación cando o soliciten.
- c) Formular propostas á Administración sobre accións, reformas ou medidas para o desenvolvemento e melloras das actividades profesionais veterinarias de Galicia.
- d) Xestionar ante a Administración as rectificacións das relacións de postos de traballo da profesión veterinaria ou de calquera outra índole profesional en base á proposta de cada un dos colexios integrados no Consello.
- e) O Consello procurase ser oído e estará debidamente representado a través de membros dos seus órganos de goberno ou dos colexiados nos que expresamente se delegue para iso, en cantas xuntas, comisións ou organismos de Galicia nos que se traten asuntos ou problemas que afecten ou poidan afectar á profesión veterinaria.

Así mesmo, a asistencia e asesoramento á Xunta de Galicia, as súas consellerías e órganos de goberno en materias profesionais e científicas, colaboración coa universidade en materias de ensino e investigación e o informe de todos os proxectos e disposicións de calquera rango emanados da Xunta de Galicia que afecten ou poidan afectar en calquera forma á profesión veterinaria.

Cando o ámbito de aplicación sexa provincial, comarcal ou local, a intervención aludida nos parágrafos anteriores deberá ir obrigatoriamente precedida dun informe do Colexio Oficial Veterinario afectado, quen deberá oír primeiramente ao profesional ou profesionais afectados.

- f) Orientación de tarifas de honorarios profesionais, tendo en conta as peculiaridades autonómicas.
- g) Calquera outros fins, labores ou responsabilidades que puidesen delegarse ou propoñerlle para a súa xestión os colexios integrados no consello.
- h) Dirimir con carácter executivo diferenzas sobre cuestións que afecten os colexios integrados no consello, en calquera caso, que non existise unanimidade.

3.- Interesados no procedemento: A Dirección de Competencia de la Comisión Nacional de Mercados y de la Competencia (CNMC).



A Lei 3/2013, do 4 de xuño, de creación da CNMC estipula no artigo 25.1. a) que a Dirección de Competencia exercerá as funcións de instrución dos expedientes tramitados por condutas anticompetitivas. Conforme ao anterior, é parte interesada neste procedemento a Dirección de Competencia da CNMC. A CNMC, de acordo co disposto nos artigos 1 e 2 da LCNMC, é unha entidade de Dereito público con personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada, actualmente adscrita ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, que "ten por obxecto garantir, preservar e promover o correcto funcionamento, a transparencia e a existencia dunha competencia efectiva en todos os mercados e sectores produtivos, en beneficio dos consumidores e usuarios ". Actuará no desenvolvemento da súa actividade e para o cumprimento dos seus fins con autonomía orgánica e funcional, plena independencia das Administracións Públicas, e sometemento a esta Lei e ao resto do ordenamento xurídico. A Lei 1/2002 establece no seu artigo 5.3 que, ao obxecto de procurar a aplicación uniforme da LDC, o Servizo de Defensa da Competencia (actualmente, Dirección de Competencia, da CNMC) poderá comparecer, en calidade de interesado, nos procedementos administrativos tramitados polos órganos de defensa da competencia das Comunidades Autónomas.

III.- ANÁLISE DO MERCADO RELEVANTE

Como sinala a Comisión Europea na Comunicación 97/ C 372/03 a definición de mercado permite determinar o marco da competencia entre as empresas, sendo o seu principal obxectivo o de establecer de forma sistemática as limitacións que afrontan as empresas afectadas desde o punto de vista da competencia. A noción de mercado tanto desde o punto de vista do produto como da súa dimensión xeográfica debe identificar a aqueles rivais que poden limitar o comportamento daquelas ou impedirles actuar con independencia de calquera presión competitiva.

Para determinar a forma na que se aplican os conceptos, a referida Comunicación di no apartado 9 que "o mercado de referencia no marco do cal se examina unha cuestión de competencia determínase combinando o mercado de produto e o mercado xeográfico".

O mercado de produto de referencia comprende a totalidade dos produtos (bens e servizos) que os consumidores consideren intercambiáveis ou substituíbles en razón das súas características, o seu prezo ou o uso que se queira facer deles.



O mercado xeográfico comprende a zona na que as empresas afectadas desenvolven actividades de subministración dos produtos e de prestación dos servizos de referencia homoxéneas e diferenciadas das zonas xeográficas máis próximas.

O Pleno está de acordo coa delimitación do mercado relevante feito pola Subdirección de Investigación no Prego de Concreción de Feitos, que concluíu que o mercado relevante é:

Primeiro. - Mercado relevante de produto

Atendendo á clasificación establecida pola normativa vixente, a práctica investigada afecta o mercado da prestación de servizos profesionais prestados polos veterinarios, actividade profesional e titulada suxeita a colexiación obrigatoria.

Aínda que a actividade que circunscribe a práctica presuntamente ilícita desenvolva polo Consello Galego de Veterinarios limitaríase á identificación de animais no marco legal vixente, xa identificado, e no específico ámbito definido cuantitativa e cualitativamente polo Convenio de colaboración suscrito o 25 de agosto de 2020 entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, da Xunta de Galicia e o Consello Galego de Colexios Veterinarios, non pode descoñecerse a exclusividade na que operan estes profesionais (os veterinarios) e a necesidade de garantir as máis amplas marxes de competencia entre eles, en especial naquelas actividades, como as que indirectamente delimita o propio convenio respecto dos animais de compañía. En todo caso, é preciso lembrar que estes profesionais exercen a súa profesión en exclusividade, existindo, como noutras profesións, un ámbito privado e outro público. A maior precisión que se podería efectuar á hora de delimitar o mercado é a da actividade privada, aínda que é preciso subliñar que só respecto desta existe competencia no sentido da LDC.

Desde a perspectiva da competencia o relevante é que a práctica cuestionada (unha decisión de fixación de prezos) prodúcese no marco dunha actividade na que unha organización colexial profesional intermedia entre a Administración (Xunta de Galicia) e o colectivo de profesionais colexiados, que cumpren os requisitos establecidos no referido convenio, sendo a consecuencia da intervención do CGCV que os profesionais deben cobrar unha cantidade fixa aos usuarios que solicitan os seus servizos e que poidan acollerse ao ámbito obxectivo e subxectivo do propio convenio. Por iso, entendemos irrelevante a duración efectiva do convenio (do 25/08/2020 ao 31/10/2020) e a súa reducida dotación económica a efectos da existencia ou non da conduta



prohibida polo artigo 1 LDC; sen prexuízo de que ditas circunstancias deban ser relevantes, no seu caso, de concluírse o presente expediente sancionador coa imposición dunha multa económica.

Na medida en que actualmente a colexiación resulta obrigatoria para poder exercer e, por tanto, tendo en conta que os catro colexios que integran o Consello copan o 100% dos colexiados en Galicia, así como que a identificación só a poden realizar os profesionais veterinarios nomeados conforme ao establecido no Decreto 90/2002, do 28 de febreiro; a relevancia da infracción é cualitativa e non cuantitativa, o que hai pouco relevante que afecte unicamente os profesionais que voluntariamente se adhíren ao convenio.

A exclusividade dos veterinarios recóllese no artigo 5º (en relación co artigo 9º do citado Decreto 90/2002) cando prescriben respectivamente.

Segundo. - Mercado xeográfico

O mercado xeográfico delimitase polo propio ámbito de actuación tanto da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Consello galego de Veterinarios que non é outro que a Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro. - Mercado temporal

Aínda que non sempre é necesario delimitar un ámbito temporal no mercado de referencia, nesta ocasión parece relevante destacar que a conduta examinada tivo un período temporal de vixencia moi limitado no tempo no que alcanza ao período no que os potenciais destinatarios da medida de fomento instrumentalizada, a través do referido convenio, podían acollerse ao mesmo para, reunidos os requisitos subxectivos, acudir aos veterinarios acollidos ao convenio ou aos seus colexios profesionais en demanda da identificación dos seus animais. O referido convenio tiña unha duración temporal moi limitada no tempo que, en todo caso, expirou e deseñouse e propuxo ao CGCV no medio da pandemia xerada pola Covid-19, precisamente para paliar os seus efectos respecto de persoas desfavorecidas.



IV. NORMATIVA APLICABLE

Primeiro. - Normativa sobre colexios profesionais

